

## 1. O circuito

Coa organización da Sociedad Gimnástica de Pontevedra, o patrocinio do Concello de Pontevedra e Supermercados Froiz, e a colaboración da Federación Galega de Atletismo e da Xunta de Galicia, celebraránse no CGTD de Pontevedra catro xornadas de atletismo:

- **1ª Xornada 28/04/2021 - XLVII Trofeo Boa Vila**
- **2ª Xornada 19/05/2021 - XLV Trofeo Sociedad Gimnástica Pontevedra**
- **3ª Xornada 02/06/2021 - XXVI Trofeo Cidade de Pontevedra**
- **4ª Xornada 16/06/2021 - XXII Memorial Celso Mariño**

## 2. Probas por xornada

No seguinte cadro amosamos a previsión de probas a disputar nas diferentes xornadas. Dita previsión poderá sufrir modificacións se a organización así o estima.

Data	28/04/2021	19/05/2021	02/06/2021	16/06/2021
<b>Carreiras</b>	100	100	100	100
	400	200	100 v	200
	400 v	800	400	800
	1500	3000	600	1000
	-	3 km Marcha	1500	5000
<b>Saltos</b>	Pértega	Altura	Pértega	Altura
	Lonxitude	Triplo	Lonxitude	Triplo
<b>Lanzamentos</b>	Disco	Xavelina	Martelo	Peso
	Martelo	Disco	Xavelina	Disco
<b>Menores</b>	50-60-80	500	50-60-150	80-500
	Triplo	Lonxitude	Triplo	Peso

## 3. Participación

Poderán participar todos/as os/as atletas con licenza federativa en vigor. Respetaranse os límites de participación establecidos no Protocolo FISICOVID da Federación Galega de Atletismo, publicado na web [www.atletismo.gal](http://www.atletismo.gal).

Terán prioridade de participación os atletas con licenza polo club organizador e seguidamente aos atletas con licenza polos clubs do concello de Pontevedra.

As carreiras contarán con un número determinado de series e os concursos serán mixtos.

#### 4. Inscripcións

As inscricións realizaranse a traves do sistema online da web da RFEA <https://isis.rfea.es/sirfea2/> ata as 22:00 h. do domingo anterior a data da competición. Non se admitirán inscrición fóra de prazo.

#### 5. Dorsais e declaración responsable

Cada atleta retirará o seu dorsal na cámara de chamadas. Co horario definitivo, publicarase o horario de cámara de chamadas. Sendo imprescindible entregar na retirada a folla de Declaración Responsable. Os/As atletas deberán utilizar o dorsal outorgado pola organización de forma totalmente visible no peito. O incumprimento de esta norma será motivo da descualificación. Será responsabilidade dos atletas levar consigo imperdibles ou calquera outro sistema para a colocación do dorsal. .

#### 6. Sancións

Aqueles/as atletas inscritos/as que finalmente non participen nalgunha das xornadas, quedarán sancionados sen poder participar na seguinte competición que se inscriban organizada pola Sociedad Gimnástica de Pontevedra, salvo xustificación comunicada por escrito ao email [info@sgpontevedra.com](mailto:info@sgpontevedra.com). No caso de lesión deberá acreditar xustificante.

#### 7. Control de aforo

O aforo será controlado e limitado. Haberá que solicitar o acceso na páxina web de [www.sgpontevedra.com](http://www.sgpontevedra.com). As solicitudes non aceptadas comunicarase por email.

#### 8. Premios

Os deportistas de categoría sub 20 e superiores optarán a premios económicos por sectores. De xeito que a mellor marca masculina e feminina de todas as xornadas do circuito segundo a táboa de puntuación W.A. 2017 de carreiras, de saltos e de lanzamentos obterá un premio de 100 €. Sendo un total de 6 premios, 3 para homes e 3 para mulleres.

Por outra banda os participantes de categoría sub 18 e inferiores de cada xornada entrarán nun sorteo dun vale de 50€ para empregar nunha tenda deportiva do concello de Pontevedra. Realizarase un sorteo por cada unha das xornadas.